



## IDEAS BRILLANTES

Ola, chámome Xoana pero pódeme chamar Xoaniña, todos me chaman así porque son moi baixiña. Teño 17 anos e encántame a música, tocar o tambor sempre foi a miña paixón dende que era moi pequena. Meus pais daquela que estaban xuntos levábanme a exposicións de instrumentos ou a concertos de música tradicional, e de alí saíu o meu interese por esta arte. Empecei a tocar en bandas de música e incluso formei un cuarteto cos meus mellores amigos da infancia, Lara, Diego e Xoel, pero cando ía cumprir os 16 anos a miña vida deu un cambio radical cando detectáronme unha enfermidade que necesita tratamento médico e, meus pais y mais os médicos, recomendáronme quedar alí para mellorar moito máis rápido. Mentres pasaban os días no hospital dábame moita conta da falta que me facía seguir facendo a miña vida fóra das clases porque estas as seguía facendo por zoom. Miña nai estaba obsesionada coas notas e con logros que tiña que conseguir, meu pai apoiábame máis no que de verdade era o que me gustaba, a música, e sempre me dicía que ía chegar mor lonxe.

Diego, Lara e Xoel un día viñeron a verme ó hospital como facían de costume e comenteilles que botaba moito en falta ir tocar con eles ou simplemente facer algunha actividade no hospital que non fora andar polos corredores e falar coas enfermeiras. Entón ocorrúseme unha idea, imos propoñer algunhas actividades como clase de debuxo ou de música para os nenos e nenas de alí. Ese mesmo día empezamos a pensar sacamos moitas ideas. O primeiro que fixemos foi escribir as ideas e os horarios nun papel para ensinárllelo o persoal do hospital. Aceptárono! Fomos correndo ó día seguinte ó Concello e explicámoslles que os nenos e nenas do hospital teñan o dereito de entreterse e divertirse tanto como os nenos de fóra. Estivemos uns días esperando a resposta, a verdade e que estabamos moi nerviosos pero á vez ansiosos por poder facer o proxecto. Ó final déronlle o visto bo! E non só iso senón que tamén aceptaron a axudarnos tanto economicamente e persoalmente para poder lograr que o hospital fora un espazo máis humanizado.

As actividades saíron a diante as clases de debuxo, de música e incluso de baile e moitas máis. A vida cultural e artística é unha parte moi importante e moito máis cando somos pequenos e estamos no proceso de madurar e medrar como persoas.